

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19



CURSO 2020/2021

ÍNDICE

1	Introducción	
2	Equipo Covid	
3	Actuacións previas á apertura do centro	
4	Entrada e saída do centro	
5	Distribución do alumnado nas aulas e nos espazos comuns	
6	Medidas de prevención persoal para a limitación de contactos	
7	Aula Virtual	
8	Medidas de hixiene, limpeza e desinfección das instalacións	
9	Uso dos servizos e aseos	
10	Actuación ante casos sospeitosos no centro	
11	Medidas de carácter organizativo	
12	Medidas específicas para o alumnado	
13	Medidas específicas para o profesorado	
14	Anexo I	

INTRODUCCIÓN

O presente Plan de Continxencia foi elaborado polo equipo COVID-19, según as Instrucións en materia de Saúde Pública aprobadas polo Consejo Interritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (*D.O.G N° 174 Bis do 28-08-2020*) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de Xullo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos Centros de Ensino non Universitario de Galicia para o Curso 2020-2021.

Este documento inclúe recomendacións e directrices en relación ás medidas de prevención e hixiene fronte á Covid-19 para as actividades e instalacións do centro, durante o curso 2020-2021, as cales poderán ser actualizadas cando os cambios da situación epidemiolóxica así o requiran.

A adopción e seguimento das medidas contempladas ten como obxectivo contribuír a que docentes e persoal do centro, alumnado e familias afronten esta apertura dos centros no curso actual de forma segura e contribúa a reducir o risco de contaxios, resultando fundamental a asunción individual e colectiva de responsabilidades

Estas actualizacións iranse recollendo nas diferentes versións do Plan e serán rexistradas no apartado de “seguimento e avaliación do Protocolo”.

2. EQUIPO COVID.

EQUIPO COVID						
Centro	Código	Membros	Nome	TFNO. CENTRO	CENTRO SANIDADE	TFNO
CMUS REVERIANO SOUTULLO DE PONTEAREAS	36018367	1	Francisco Abal Rosales	986 641616	Centro de Saúde de Ponteareas	986 641048
		Suplente	Sonia Fernández Conde			
		2	Rafael Pérez Dopeso			
		Suplente	Juan M. Martínez Folgar			
		3	Montserrat López Caamaño			
		Suplente	Mónica Viro Porto			

3. ACTUACIÓNS PREVIAS Á APERTURA DO CENTRO.

Medidas xerais

1. Desinfección xeral do centro.
2. Colocación de información visual (*carteis, folletos, etc.*) en lugares estratéxicos.

Medidas referidas ás persoas traballadoras do centro.

1. Información do protocolo de actuación vixente do centro do Covid-19.
2. Colocación de pantallas de seguridade en secretaría, conserxería e clases de instrumentos de vento, así como nas materias que o precisen.
3. Realización de test rápidos ao todo o persoal do noso centro antes do inicio da actividade lectiva.

Medidas referidas a particulares, outros membros da comunidade educativa e empresas proveedoras, que participan ou prestan servizos no centro educativo.

1. Información previa ao comezo do curso do presente protocolo e das medidas de protección a adoptar para o acceso ao centro.

Medidas específicas para o alumnado.

1. Información do presente protocolo, en especial do uso obrigatorio da máscara persoal e xel hidroalcohólico para acceso ao centro.
2. Indicacións concretas de entrada e saída do centro e das aulas para evitar aglomeracións (*ver punto 4 do presente protocolo*)

Medidas para a limitación de contactos.

1. Prohibición de acceso ás familias dentro do centro para evitar problemas de aforo.
2. Delimitación na escaleira de acceso á primeira planta da distancia de seguridade.
3. Sinalización dos fluxos de circulación de acceso e tránsito polo centro.

Outras medidas.

1. No presente curso e ata tanto non se atope unha solución definitiva ao Covid-19, non se cederán as instalacións nin material do centro a persoas ou entidades externas ao Centro.

4. ENTRADA E SAÍDA DO CENTRO.

Habilitación de vías entradas e saídas.

1. **Acceso exterior:** Habilitarase como vía de entrada desde a rúa, a porta central coas debidas sinalizacións.
2. **Saída:** A saída do centro será pola porta lateral do edificio que estará debidamente sinalizada. No caso de usuarios con mobilidade reducida, utilizarase a rampa da porta principal.

Fluxos de circulación para entradas e saídas.

1. Sinalización no chan para indicar o fluxo de circulación dentro do edificio.

Acceso ao edificio en caso de necesidade ou indicación do profesorado de familias ou titores.

1. Como norma xeral, para ter acceso por parte das familias ou titores legáis ao centro, deberá solicitarse con cita previa cun mínimo de 24 horas de antelación chamando a secretaría do centro.
2. Potenciarase as reuniónes telemáticas entre as familias ou titores legáis.

Medidas de acceso de particulares e empresas externas que presten servizos ou sexan provedoras do centro.

1. As empresas externas e particulares que necesariamente deban acudir ao centro por non poder prestar os seus servizos de maneira telemática, deberán en todo momento acceder con máscara e respectando as indicacións do mesmo.

Outras medidas.

1. Non se autorizará, ata que non exista solución definitiva ao Covid-19, o acceso de entidades que organizaban actividades nas instalacións do noso centro.

5. DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO NAS AULAS E NOS ESPAZOS COMÚNS.

Medidas para grupos de convivencia escolar (*pupitres, mobiliario, fluxos de circulación dentro da aula, aforo de espazos da aula...*)

1. Polas características dos nosos ensinos, o noso centro non organiza grupos de convivencia escolar.

Clases de instrumento.

1. O ratio nas especialidades instrumentais individuais son como máximo 1/1. Dadas as dimensións das aulas do noso centro, os alumnos dispoñeranse respectando a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros e coa obrigación de ter posta a máscara sempre que a especialidade instrumental permítalo.
2. No caso das especialidades instrumentais de vento, a distancia aumentará aos 3 metros e o profesor contará cun biombo protector.

Materias Colectivas.

1. As clases onde o aforo ascende entre 10 a 15 alumnos tentarase que aquelas con maior número de alumnos sexan impartidas nas aulas de maior tamaño.
2. Dispoñeranse as cadeiras respectando entre elas a distancia de seguridade.

Clases de agrupaciones e coro.

1. Tratarase de reducir o número de alumnos por clase ao mínimo imprescindible para o correcto funcionamento da materia.
2. Establecerase por tanto un maior número de grupos con menor número de alumnos por clase e as clases desenvolveranse nos dúas salas mais amplas coas que conta o centro.
3. A distancia na materia de Coro será de 3 metros.

6. MEDIDAS DE PREVENCIÓN PERSOAL E PARA A LIMITACIÓN DE CONTACTOS.

1. Con carácter obrigatorio, procurarase unha distancia de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.
2. Evitaranse aglomeracións de persoal (*docente, non docente ou alumnado*) nas entradas e saídas do centro.
3. O alumnado non poderán permanecer no edificio máis tempo do necesario para acceder á súa clase.
4. As familias ou titores só poderán entrar ao edificio escolar en caso de necesidade ou por indicación do profesorado ou do equipo directivo, cumprindo sempre as medidas de prevención e hixiene.
5. Estableceranse e sinalizarán os distintos fluxos de circulación do alumnado no centro, evitando a coincidencia espacial e temporal dos distintos grupos.
6. Tal e como se indicou no punto anterior, para as materias de coro e agrupacións instrumentais, utilizaranse os espazos máis amplos do Centro, aumentando a distancia interpersonal e usando medidas de protección adicionais sempre que sexa posible, acompañado sempre dunha adecuada ventilación do espazo.

7. AULA VIRTUAL.

1. De ter que acudir á docencia telemática, ésta levaráse acabo respectando o horario lectivo e respectando o horario individual do profesorado.
2. Para a aula virtual crearase unha conta de Google Suite para o profesorado.
3. O centro dará prioridade á xestión telemática de solicitudes administrativas, e só atenderá para casos imprescindibles presencialmente con cita previa e respectando as medidas de seguridade e hixiene. Se a situación esixe o peche do centro, non se realizará ningún tipo de atención presencial.

8. MEDIDAS DE HIXIENE, LIMPEZA E DESINFECCIÓN DAS INSTALACIÓNS.

Limpeza e desinfección

Realizarase unha limpeza e desinfección das aulas, espazos, mobiliario, instalacións, equipos e útiles antes da apertura do centro.

Elaborarase un plan reforzado de limpeza e desinfección, complementando o que xa existía no centro para aulas, despachos ou espazos comúns etc.. adecuadas ás características e intensidade de uso, que deberán ser limpados e desinfectados polo menos unha vez ao día. Este plan ou listaxe de limpeza e desinfección reforzado deberá ter en conta determinados aspectos, entre os que se recomendan os seguintes:

A limpeza elimina xermes, sucidade e impurezas mentres que a desinfección (produtos desinfectantes) mata xermes nesas superficies e obxectos. Por iso, é moi importante que haxa unha boa limpeza antes de proceder á desinfección.

Ventilación

A ventilación deberá realizarse de forma natural varias veces ao día, con anterioridade e ao finalizar o uso das clases.

Ao tratarse as nosas aulas de aulas específicas ás que os distintos grupos de alumnos e alumnas acceden de maneira rotatoria deberán ser ventiladas, polo menos cinco minutos, antes e despois do seu uso. As clases terán unha duración media de 50 minutos, a fin de poder ventilar e desinfectar as aulas.

Prohíbese o uso de calefactores de aire.

Residuos

O centro será provisto de papeleiras con tapa e bolsa interior, en cada clase e espazos comúns, que deberán ser limpadas e desinfectadas polo menos unha vez ao día.

Unicamente e naqueles casos excepcionais nos que algún alumno ou alumna con síntomas compatibles a COVID-19 deba permanecer nunha estancia en espera de que acuda a familia ou titores, os residuos do cubo ou papeleira desta habitación, por precaución, deben ser tratados da seguinte maneira:

1. O cubo ou papeleira dispoñerá de bolsa interior (BOLSA 1), disposto na aula, con tapa e con pedal de apertura, sen realizar ningunha separación para a reciclaxe.
2. A bolsa de plástico (BOLSA 1) debe pechase adecuadamente antes da súa extracción e introducila nunha segunda bolsa de lixo (BOLSA 2).
3. Inmediatamente despois realizarase unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, polo menos durante 40-60 segundos.

9. USO DOS SERVIZOS E ASEOS

Limpeza e desinfección

Os aseos dos alumnos serán desinfectados todas as mañás, e segundo uso por parte do servizo de limpeza do centro. O aseo dos profesores será igualmente pulverizado con desinfectante tras cada uso por cada profesor.

Asignación e sectorización

Dada a dimensión do centro e a existencia de tres aseos en cada planta, a asignación será un para alumnos, outro para alumnas e o terceiro para profesorado.

Ocupación máxima

Será ocupado por unha persoa máximo en cada ocasión.

10. ACTUACIÓN ANTE CASOS SOSPEITOSOS NO CENTRO.

Cando un alumno ou alumna inicie síntomas ou estes sexan detectados por persoal do centro durante a xornada escolar, o levarán a Sala Covid, con normalidade e sen estigmatizala. Facilitaráselle unha máscara cirúrxica para o alumno/a e outra para a persoa adulta que coide del/ela ata que cheguen os seus familiares ou titores. Será unha sala para uso individual, elixida previamente, que conta con ventilación adecuada e cunha papeleira de pedal con bolsa. Avisarase á familia que debe contactar co seu centro de Saúde, para avaliar o caso.

As persoas traballadoras que inicien síntomas sospeitosos de COVID-19, retiraranse a un espazo separado e poñeranse unha máscara cirúrxica. Contactarán de inmediato co seu centro de saúde, debendo abandonar, en todo caso, o seu posto de traballo para a súa valoración médica.

En el caso de percibir que la persona que inicia síntomas está en una situación de gravedad o tiene dificultad para respirar se avisará al 112.

11. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

Organización de entradas e saídas:

1. O obxectivo das seguintes medidas é a non aglomeración de persoas , tanto a entrada como a saída do centro, debendo en todo momento garantir as medidas de distanciamento físico interpersoal, fixadas no noso centro en 1,5 metros.
2. A dirección do centro ten a posibilidade de establecer o número de profesores de garda precisos para facer efectiva a entrada e a saída ao centro en condicións de seguridade. No noso caso, todos os docentes recollerán ao alumnado no vestíbulo do centro antes da clase e os acompañarán ó punto de saída ó remate, seguindo os carreiros de circulación establecidos no centro.
3. Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos titores no centro educativo . O centro establecerá horarios específicos para a atención das familias non coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase.
4. Nos accesos ao centro, habilitarase unha porta para entrada (porta principal) e outra para saída. Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes (carreiros de circulación) en ambas marxes do corredor, de forma que indiquen a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade..
5. Na entrada e saída da aula o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado, prestando especial atención á distancia unipersoal de 1,5 metros entre persoas.
6. Non se permitirá que o alumnado quede formando agrupacións no vestíbulo do centro, polo que se regularán as saída as directamente ao exterior do recinto.
7. A dirección do centro determinará o número de profesores /as suficientes para ordenar as saídas e evitar a formación de agrupacións de alumnado no recinto, así como impartir instrucións ao alumnado para que non forme agrupacións na vía pública fóra do recinto escolar.
8. Nas comunicacións verticais o uso do elevador quedará limitado á s persoas que o precisen por motivos de mobilidade, que deberán usar máscara. O elevador utilizarase de maneira individual.

Comunicacións coas familias

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web ou chamadas telefónicas se fose preciso.

12. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO

1. Todo o alumnado do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar a existencia de sintomatoloxía compatible cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo 1, que debe realizarse antes da chegada ao centro.
2. Ante a aparición de sintomatoloxía compatible (a relacionada no Anexo I), non acudirán ao centro educativo e el/ela ou a súa familia chamarán ao centro de saúde de referencia do alumno.
3. Para a xustificación da ausencia non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos pais/nais ou titores/as legais.
4. Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa familia ou persoa de referencia, que deberá presentarse no centro á maior brevidade posible. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico. Se o pediatra ou facultativo non tivera consulta no mesmo día, acudirán ao PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.
5. Habilitarase, dende o inicio de curso, un espazo de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo contará con ventilación, solución hidroalcohólica, papeleira de pedal e panos desbotables.
6. Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado que conviva con elas non poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e este sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.
7. As ausencias derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.
8. Será obrigatorio o uso de máscaras fóra das aulas, nas circulación polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc.) e nas entradas e saídas do centro.

Medidas da aula ordinaria:

1. Será obrigatorio a hixiene de mans nas entradas e saídas das aulas.
2. No momento de entrada á aula ou no caso de cambio de aula, adicaranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante). Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que lave as mans quen non o fixo previamente.
3. Nas perchas, o material ou roupa, colocárase do xeito mais individualizado posible. Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos compañeiros.
4. Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo, recomendase que no caso de ter que achegarse ao encerado se desinfecte antes de cada uso. Resulta recomendable que cada alumno teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.
5. Durante as clases en aulas nas que o alumnado se dispoña sentado en pupitres e todos orientados nun mesmo sentido, establecerase una distancia física mínima de 1 metro e medio ou a utilización de mamparas de protección..
6. Na actividade formativa, os profesores e alumnos que non utilicen instrumentos de vento deberán levar máscara durante toda a clase. Os profesores e alumnos que utilicen instrumentos de vento unicamente quitarán a máscara no momento do uso do instrumento. Estarán a unha distancia de 3 metros entre eles.
7. Evitarase o desprazamento do alumnado da aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.

Consideracións específicas segundo o tipo de instrumento.

Instrumentistas de vento.

Entre os instrumentistas de vento, deberán manterse a distancia mínima de 3 metros e empregarán a máscaras de protección mentres non estean tocando. Nas aulas nas que existan biombos ou mamparas de separación, éstos deberán ser desinfectados correctamente despois de cada sesión.

Instrumentistas de tecla:

Antes de comezar, cada alumno/a e profesor/a deberá realizar un lavado durante 40 segundos como mínimo. Ademais, as teclas deberán ser desinfectadas antes e despois da execución de cada alumno/a e profesor/a. O alumnado e o profesorado empregarán máscaras de protección.

Acompañamento pianístico

Deberá existir a distancia de 3 metros entre o pianista e o instrumentista de vento ou canto, e como mínimo 1.5 metros no caso dos demais instrumentos. O alumnado e o profesorado de instrumentos de vento, deberá empregar máscara de protección mentres non estean cantando ou tocando.

Demais instrumentos:

No caso dos demais instrumentistas deberá manterse unha distancia mínima de 1,5 metros e deberán empregar en todo momento máscaras de protección

Agrupacións:

Nas disciplinas ou actividades que impliquen intervención de orquestra, banda ou agrupacións similares, deberán igualmente manter unha distancia mínima de 3 metros entre os instrumentistas de vento e 1,5 entre os demais executantes. Ademais, o alumnado e o profesorado que non estean cantando e ou tocando deberán empregar a máscara de protección.

Materias teóricas:

Nestas disciplinas o alumnado estará sentado no seus pupitres e todos orientados nun mesmo sentido mantendo unha distancia física mínima de 1 metro e medio. Todos os pupitres ou mesas colocaranse en liñas mirando cara a dirección do posto do profesor/a.

Medidas para os cambios de aula

Cada profesor finalizará a súa clase 10 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade.

Para a entrada, agardarán polo profesor á entrada da nova aula en ringleira de 1 e gardando a distancia de seguridade (1,5 metros), evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

Se houbera outro grupo na nova aula, agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia e evitando que se formen

agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

O alumnado que teña clase de instrumento agardará polo profesor/a da especialidade no vestíbulo do centro, que o acompañará a súa clase, tanto o inicio como o remate da sesión.

13. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

1. O persoal docente e non docente do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo 1, que debe realizarse antes da chegada ao centro.
2. Ante a aparición de sintomatoloxía compatible (a relacionada no Anexo I) no persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e chamarán ao seu centro de saúde de referencia e a algún dos membros do *Equipo COVID*. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran.
3. Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, o profesorado deberá avisar a un membro do *Equipo COVID*, quen o levará a aula de illamento. Dende este espazo o profesorado contactará co seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico. Se o facultativo non tivera consulta no mesmo día, acudirá ao PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.
4. Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado que conviva con elas non poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora do *Equipo COVID* do centro.
5. Durante as clases en aulas nas que o alumnado se dispoña sentado en pupitres e todos orientados nun mesmo sentido, establecerase una distancia física mínima de 1 metro e medio.
6. Será obrigatorio o uso de máscaras en todo o centro educativo.

7. Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección . Ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.
8. O profesorado disporá dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira , así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas (mamparas). O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.
9. En cada cambio de grupo, o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.
10. O profesorado a última hora recollerá a bolsa da súa papeleira e a depositará noutra bolsa grande situada na sala de contadores.

14. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O PERSOAL NON DOCENTE.

1. O persoal non docente do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo 1, que debe realizarse antes da chegada ao centro.
2. Ante a aparición de sintomatoloxía compatible (a relacionada no Anexo I) no persoal non docente, non acudirán ao centro educativo e chamarán ao seu centro de saúde de referencia e a algún dos membros do *Equipo COVID*. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde.
3. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran.
4. Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, o persoal non docente deberá avisar a un membro do *Equipo COVID*, quen o levará á aula de illamento. Dende este espazo o persoal non docente contactará co seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico . Se o facultativo non tivera consulta no mesmo día , acudirá ao PAC onde

será avaliada a solicitude do test diagnóstico . Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.

5. Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o persoal non docente que conviva con elas non poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora do *Equipo COVID* do centro.
6. Será obrigatorio o uso de máscaras fóra das aulas, nas circulación polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc), nas entradas e saídas ao centro e na estancia na secretaría e conserxería.
7. Corresponde a todo o persoal do centro manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección .

ANEXO I: ENQUISA DE AUTOEVALUACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para a que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas deberán solicitar consulta no seu centro de saúde e non asistir ao centro educativo.

¿Presentou algún destes síntomas nas últimas 2 semanas?

Febre maior de 37,5°C

Tose seca

Dificultade respiratoria

Fatiga severa (cansazo)

Dor muscular

Falta de olfacto

Falta de gusto

Diarrea

¿Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

¿Tivo contacto nas últimas 2 semanas?

Cunha persoa COVID-19 confirmado

Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID19

¿Conviviu nas últimas 2 semanas?

Cunha persoa COVID-19 confirmado

Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19

Ponteareas, 22 de setembro de 2020

O Equipo COVID